



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ENTIDADE FINANCEIRA ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A PARA A INSTRUMENTACIÓN DA AXUDA ECONÓMICA ÁS FAMILIAS A TRAVÉS DA TARXETA BENVIDA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, **DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social impulsa o Programa de Apoio á Natalidade (PAN) no que se recolle, entre outras actuacións, o establecemento dunha axuda económica ás familias durante o primeiro ano de vida no suposto do nacemento dun fillo ou filla, ou cando se cumpra un ano do ditado da correspondente resolución para os supostos de adopción ou garda con fins adoptivos, e coa que se pretende contribuír a sufragar os gastos derivados da súa crianza.

Neste sentido, é preciso un instrumento que dea soporte a esta axuda e considérase que o medio máis idóneo para facela efectiva é a través da denominada Tarxeta benvida, en cuxa xestión colaborará a entidade financeira Abanca Corporación Bancaria S.A, logo de ser seleccionada a través do procedemento de concorrencia recollido na Resolución do 18 de decembro de 2018 da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, de conformidade co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que a Consellería de Política Social e Abanca Corporación Bancaria S.A formalizan o instrumento convencional arriba referido para un período de vixencia que abrangue desde o 01/01/2020 ata o 31/12/2024.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Regular a colaboración entre as partes para a instrumentación da axuda económica para as familias que no ano 2020 teñan, tanto por natureza como por adopción, un fillo ou unha filla ou estean en situación de garda con fins adoptivos dun neno ou nena menor dun ano. Tamén poderán beneficiarse da axuda as galegas e galegos e os seus descendentes que se atopen en calquera dos dous supostos anteriores e, tendo residido fóra de España, retornen a Galicia durante o ano 2020.

A instrumentación da axuda económica, na que colaborará a entidade financeira asinante do convenio, farase efectiva a través da entrega ás familias da denominada Tarxeta





benvinda, unha tarxeta prepago que se cargará cun total de 1.200€ durante o primeiro ano de vida no suposto do nacemento dun fillo ou filla. Nos casos de adopción ou situación de garda con fins adoptivos o dereito á percepción da axuda producirase dende o mes no que se emite a resolución administrativa ou xudicial e ata que no neno ou nena cumpra un ano.

Para o caso de aquelas familias con renda igual ou inferior a 22.000 €, esta axuda ampliarase durante o segundo ano de vida e ata que o neno e nena cumpra os tres anos, a razón de 600 €/ano, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o primeiro; 1.200 €/ano, se é o segundo; e 2.400 €/ano, se é o terceiro ou sucesivos.

Igualmente poderán beneficiarse da axuda aquelas familias que obtiveran a axuda de carácter xeral de 1.200 € ou non accederan a ela por superar os ingresos previstos, nas respectivas convocatorias do ano 2018 e 2019 e experimentaran unha variación á baixa da renda da unidade familiar que implique ter dereito a elas.

Esta tarxeta só poderá ser utilizada en calquera establecemento de farmacia, parafarmacia, óptica, supermercado, tenda de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos establecidos na Lei de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e para o fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela con data da sinatura electrónica

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
Jacobo Rey Sastre

